

VIEIROS

Barbanza

Edición xestionada por [Adolfo Muíños](#)

FALLADO O PREMIO FAUSTINO REY ROMERO

O malpicán Francisco Quiroga gaña o premio rianxeiro de poesía

Coa obra ***O amor do mar***, Francisco Quiroga López, natural de Malpica, obtivo o primeiro premio deste certame poético instaurado na honra do crego e poeta de Isorna, Faustino Rey, que acada a súa séptima edición. A pontevedresa Elvira Riveiro Tobío, co traballo ***12 estampas sobre a cidade e o desexo*** conseguiu a segunda praza e unha mención especial. O acto de entrega de premios será este domingo 19 de decembro ás 12 horas, na Casa da República de Isorna e inclúe a lectura pública da obra gañadora.

- 06:45 15/12/2004

O xurado, presidido polo académico Xosé Luís Axeitos, contou tamén coa presenza da concelleira Carmen Figueira, exercendo de vocais a escritora Helena Villar Janeiro, Avelino Abuín de Tembra e Xosé Ramón Brea Rey, que actuará como mantedor literario cun discurso de presentación.

Fronte ao monolito que lembra a Faustino Rey Romero en Isorna, coa ollada posta no esteiro do Ulla e do monte das Cercas, que se ergue sobre esta parroquia rianxeira, o domingo teremos ocasión de asistir ao sinxelo acto protocolario de entrega de premios, onde non faltará a actuación musical do grupo de gaiteros *Ollando as Cercas*, dirixido por Hipólito Cerqueiras. Tamén se inclúe no programa a actuación do grupo de música vocal *Tonos*.